



SI

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2015

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2015

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir
baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2015

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
2015

INDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO	7
II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS	13
II.1. Equipamento e servizos TIC	15
II.2. Internet e Banda larga	33
II.3. Páxina web e redes sociais	42
II.4. Comercio electrónico	50
II.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet	54
II.6. Política de seguridade e gasto en TIC	61
III. ANÁLISE SECTORIAL	65
IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS	89
V. CONCLUSIÓN	103
ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009	108

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é obter elementos de diagnóstico, seguemento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores sobre a Sociedade da Información no tecido empresarial galego.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos empresas galegas. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020.

O estudo analiza en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing así como outras cuestións relacionadas co comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademáis, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



- ➡ No 2015 Galicia conta con 195.595 empresas; o 96,4% delas tiñan menos de 10 empregados / as.
- ➡ O sector Servizos segue a ser a actividade maioritaria, cun 78,4%.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

No presente capítulo amosamos as principais características das empresas galegas, con datos significativos como o tamaño da empresa, a actividade empresarial ou a condición xurídica.

Os datos da seguinte táboa, extraídos do Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE), amosan que no ano 2015 había na nosa Comunidade un total de 195.595 entidades empresariais con sede en Galicia

C.1. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA (Total de empresas)


TOTAL	195.595
Sen asalariados	104.603
De 1 a 2 asalariados /as	59.539
De 3 a 5 asalariados / as	17.978
De 6 a 9 asalariados / as	6.498
De 10 a 19 asalariados / as	3.808
De 20 a 49 asalariados / as	2.133
De 50 a 99 asalariados / as	588
De 100 a 199 asalariados / as	256
De 200 ou máis asalariados / as	192

Fonte: INE, Directorio central de empresas, 2015.

A estrutura empresarial responde a unha importante fragmentación do tecido empresarial. Un 96,4% das empresas galegas clasifícanse como microempresa, xa que posúen entre 0 a 9 traballadores/as. Un 83,9% do total de empresas conta con dous empregados / as ou menos, o que indica a importancia do pequeno empresariado para a actividade económica.

G.1. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

Debido á significativa influencia do tamaño da empresa na demografía empresarial galega, ao longo deste informe presentaremos os resultados clasificados en dous estratos de traballadores: as microempresas de 0 a 9 traballadores/as e as de máis de 10 asalariados/as.

A variable territorial tamén é considerada ao longo deste documento como outro indicador importante que achega diferenzas significativas á hora de definir ás empresas, neste caso combinada novamente co tamaño expresado polo volume de empregados.

C.2. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(Total de empresas)

	MENOS DE 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	78.450	2.982	81.432
LUGO	23.361	726	24.087
OURENSE	22.315	676	22.991
PONTEVEDRA	64.492	2.593	67.085
TOTAL	188.618	6.977	195.595

Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

A maioría das empresas galegas sitúanse na provincia da Coruña (41,6%) e de Pontevedra (34,3%). Na provincia da Coruña sitúase ademais a maior porcentaxe de microempresas respecto das outras provincias (40,1%).

C.3. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(% Total de empresas)


	MENOS DE 9 TRABALLADORES	10 OU MÁIS TRABALLADORES	TOTAL
A CORUÑA	40,1	1,5	41,6
LUGO	11,9	0,4	12,3
OURENSE	11,4	0,4	11,8
PONTEVEDRA	33,0	1,3	34,3
TOTAL	96,4	3,6	100,0

Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

O peso do sector servizos en Galicia é moi importante, tendo en conta que representa a un 78,4% do total das empresas, especialmente aquelas adicadas ao comercio por xunto ou polo miúdo e á reparación de vehículos (49.775 empresas en Galicia).

G.2. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

C.4. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)


TOTAL	195.595
INDUSTRIA	12.548
B- Industrias extractivas	297
C- Industria manufactureira	11.529
D- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	468
E - Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación	254
F- CONSTRUCCIÓN	29.742
SERVIZOS	153.305
G- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.775
H - Transporte e almacenamento	11.987
I - Hostalaría	19.640
J - Información e comunicacións	2.148
K - Actividades financeiras e de seguros	109
L - Actividades inmobiliarias	4.736
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas	23.048
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares	7.280
P - Educación	4.925
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais	12.333
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2.140
S - Outros servizos	15.184

Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

A condición xurídica que predomina nas empresas da nosa Comunidade, son as "persoas físicas" cun 54,6% de presenza no total.


G.3. CONDICIÓX XURÍDICA

(% sobre o total de empresas en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2015.

II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS



- ➡ Un 55,3% das grandes empresas galegas contratan velocidades de 10 Mb/seg ou superior e un 15% conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg, 3 puntos porcentuais máis que o ano anterior .
- ➡ No caso das microempresas, o 44,3% contrata velocidades de conexión a Internet igual ou superior ou igual a 10 Mb/seg, cun aumento de 5 puntos.
- ➡ O 60,9% das grandes empresas galegas proporcionan smartphones ao seu persoal, 11,7 puntos máis que no último ano.
- ➡ Un 25,5% das grandes empresas e un 10,6% das microempresas galegas venden a través de Internet, superando a media estatal. O crecemento deste indicador foi de 4,9 e 6 puntos, respectivamente.

Este capítulo refírese ás cuestións relativas á aplicación das novas tecnoloxías en determinados ámbitos que detallamos de seguido:




Desglosaremos esta información conforme a súa significación segmentando a mostra de empresas en tres estratos: microempresas (de 0 a 9 traballadores / as), empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia e empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede e/ou actividade en Galicia. Tamén daremos conta da evolución para o período do ano 2012 ata o 2015.

II.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

A práctica totalidade das grandes empresas galegas conta con ordenadores. A dispoñibilidade de ordenadores nas microempresas sitúase no 64,7%.

G.4. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


A evolución do indicador de dispoñibilidade de ordenador mostra un leve aumento deste equipamento nas empresas de maior tamaño. No caso das microempresas, rexistrouse unha diminución, posiblemente polo incremento doutro tipo de equipamentos ou dispositivos móbiles, en detrimento dos ordenadores.

G.5. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

A elevada presenza de redes LAN nas empresas galegas (rede de área local que permite a interconexión de varios dispositivos nunha contorna próxima) especialmente nas empresas de maior tamaño, con máis de 10 asalariados / as, confirma a súa importancia no empresariado de Galicia. En empresas de menor tamaño é máis reducido o uso das redes LAN (un 19,9%).

G.7. REDE DE ÁREA LOCAL (LAN)

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


A rede LAN mostra un crecemento de 1,5 puntos nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia, mentres que a media estatal reduciuse en 0,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen rede de área local (LAN)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen rede de área local (LAN)

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Unha práctica que comeza a estenderse no empresariado é a de proporcionar aos traballadores/as dispositivos portátiles que permitan conectarse a Internet e realizar o seu labor. Os datos mostran un crecemento neste indicador, especialmente nas microempresas. Un 14,3% das persoas das pequenas empresas dispón dun dispositivo portátil con conexión a Internet para uso empresarial, 3,8 puntos máis que o ano anterior. Nas grandes empresas con sede en Galicia, a porcentaxe sitúase no 16,4%, cun aumento de 1,6 puntos no último ano.

G.10. PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONOU UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITÍA A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL (% sobre o total de persoal)




Fonte: INE

G.11. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

O software libre está a situarse como un recurso tecnolóxico imprescindible, cada vez máis frecuente nas nosas empresas. No caso das microempresas, alcanza no 2015 o 52,1%. Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia sitúase no 84,9%.

G.13. EMPRESAS QUE EMPREGABAN ALGUNHA TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Dado a elevada porcentaxe de uso de software libre que actualmente hai nas grandes empresas galegas, o crecemento do mesmo estase ralentizando, mentres que nas microempresas, o crecemento foi de 0,9 puntos porcentuais.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e un 34,9% das microempresas galegas empregan a sinatura dixital.

G.16. SINATURA DIXITAL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


As grandes empresas galegas utilizan a sinatura dixital en maior medida que no conxunto do Estado, mentres que no caso das microempresas sitúanse en valores próximos á media estatal.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2014

A principal motivación para o uso da sinatura dixital é certificar as comunicacións na súa relación coas Administracións Públicas, aínda que un 18,8% das grandes empresas de máis de 10 traballadores/as tamén a utilizan para relacionarse con clientes ou provedores.

G.19. USOS DA SINATURA DIXITAL

(% sobre o total de empresas que empregan sinatura dixital)




Fonte: INE

O tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo na compra de servizos de Cloud Computing. Un 4% das microempresas compraron este tipo de solucións, elevándose a porcentaxe nas empresas máis grandes con sede e/ou actividade en Galicia ata o 17,1%.

G.20. CLOUD COMPUTING

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron algún servizo de Cloud Computing

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que utilizaron solucións de Cloud Computing
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Dentro das solucións que proporcionan os servizos de Cloud computing, as máis demandadas por todas as empresas, independentemente do seu tamaño, son: O uso de e-mail, o almacenamento de ficheiros ou o servidor de bases de datos de empresa.

G.23. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING: desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)




Fonte: INE

A recepción de facturas electrónicas está moi relacionado co número de traballadores/as das empresas xa que nas de 10 ou empregados/as a porcentaxe acada o 14,1%, tres veces máis que nas microempresas (4%).

No envío de facturas electrónicas as empresas galegas superan a media estatal, independentemente do seu tamaño. Nas de máis de 10 traballadores/as, a porcentaxe de empresas galegas con sede ou actividade na nosa comunidade que enviou facturas electrónicas ascendeu ata a 17,9% fronte ao 14,5% da media estatal. Nas microempresas galegas, a porcentaxe sitúase no 3,9% fronte ao 2,9% da media estatal.

G.24. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.25. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


As ferramentas ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas da empresa, estanse a implantar con contundencia nas empresas galegas de maior número de traballadores/as, especialmente naquelas que teñen sede ou actividade en Galicia, cun 44,5%, superando a media estatal (37%). A evolución do uso en Galicia nestas empresas, é tamén positiva e crecente, cun aumento de 2,8 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

G.26. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP PARA COMPARTIR INFORMACIÓN SOBRE COMPRAS / VENDAS CON OUTRAS ÁREAS DA EMPRESA
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE-IGE

Non dispoñible valor do indicador para o ano 2014

As ferramentas CRM, utilizadas para a xestión de vendas e información de clientes, están máis implantadas en empresas de maior tamaño. A utilización deste tipo de programas en microempresas é do 5% mentres que en empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade ou sede en Galicia acada o 40%, superando a media estatal (36,5%). No caso das microempresas, a implantación do CRM é pouco significativa.

G.29. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM PARA XESTIONAR INFORMACIÓN DE CLIENTES

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE-IGE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.31. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011

A predisposición das empresas en proporcionar formación aos seus empregados/as, está vinculado co tamaño das mesmas. No 2015, un 23,7% das empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia facilitaron formación TIC ao seu persoal, mentres que nas microempresas a porcentaxe de formación en TIC foi dun 3,5%.

G.32. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

En relación á formación TIC, foi dirixida, principalmente, ao persoal usuario, oscilando en torno ao 81-83%, segundo o número de empregados/as. No caso da formación enfocada ao persoal especialista en TIC, existe unha maior influencia do número de traballadores/as, acadando o 60,2% nas empresas de máis de 10 asalariados/as con sede ou actividade en Galicia fronte ao 36,9% no caso das microempresas.

G.35. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS

(% sobre o total de empresas que proporcionaron actividades formativas en TIC aos seus empregados / as)




Fonte: INE

II.2. INTERNET E BANDA LARGA

A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as dispón de Internet contratado. No caso das microempresas, este dato sitúase no 57,9%.

G.36. ACCESO A INTERNET CONTRATADO
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Analizando a evolución de contratación da Internet nas grandes empresas, o elevado valor acadado na actualidade, próximo ao 100% impide que exista un crecemento anual significativo.

G.37. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen acceso a Internet contratado
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.38. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Outra tendencia nas empresas actuais é a de proporcionar aos traballadores/as a posibilidade de acceder ao correo electrónico da empresa, aos documentos ou aplicacións, en definitiva, acceder remotamente ao escritorio. Neste caso tamén destacan as grandes empresas con sede ou actividade en Galicia (64,1%) fronte ás microempresas, onde un 17,5% facilita este acceso remoto ao seu persoal.

G.39. EMPRESAS QUE PROPORCIONABAN AOS SEUS EMPREGADOS / AS ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO, DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE CONEXIÓN A INTERNET FIXA, INALÁMBRICA OU MÓBIL

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A práctica totalidade das empresas galegas con conexión a Internet dispón de banda larga. A demanda de capacidade para transportar información a través da Rede nas empresas galegas repercute nunha presenza cada vez maior de banda larga e pódese concluír que todas as empresas galegas con conexión a Internet xa acceden a través de solucións de calidade.

G.40. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Debido á expansión do uso de banda larga no empresariado galego, a evolución xa se sitúa próxima ao 100% e apenas podemos percibir evolución.

G.41. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA. EVOLUCIÓN

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Outro indicador da modernización en telecomunicacións das empresas na nosa Comunidade é o uso de banda larga a través de telefonía móbil. Nas empresas de máis de 10 traballadores/as, esta porcentaxe acada o 79,3% nas microempresas con conexión a Internet, a banda larga móbil sitúase no 60,2%.

G.42. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


O acceso á banda larga móbil segue aumentando nas empresas galegas de máis de 10 traballadores/as, achegándose cada vez máis á media estatal. O incremento das empresas con actividade en Galicia respecto ao ano anterior foi de 2,7 puntos porcentuais fronte ao aumento de 2,4 puntos da media estatal.

G.43. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.44. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

A conexión por banda larga fixa é a máis frecuente entre as empresas galegas. Entre os diferentes tipos de conexión da banda larga fixa, a maioría decántase polo DSL como tecnoloxía de acceso, en porcentaxes que se achegan ao 85%, destacando as empresas que optan pola Rede de fibra óptica no caso das de 10 ou máis traballadores/as que teñen sede e/ou actividade en Galicia.

G.45. TIPOS DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA FIXA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

No caso do acceso a Internet por banda larga móbil, obsérvanse diferenzas significativas entre as empresas máis grandes e as máis pequenas, de forma que só o 60,2% das microempresas posúen banda larga móbil, fronte ao 79,3% das empresas máis grandes.

En todas elas, empresas grandes ou microempresas, a tecnoloxía 3G e 4G é a conexión móbil maioritaria, empregando smartphones, PDA, etc ou un ordenador ou tableta portátil.

G.46. TIPOS DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA MÓBIL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Hai unha relación evidente entre a demanda de máis velocidade de navegación e o número de empregados/as nas empresas. Aquelas que dispoñen de 10 ou máis traballadores/as posúen velocidades de conexión a Internet superiores: un 55,3% das que teñen sede e/ou actividade en Galicia con máis de 10 traballadores/as contratan velocidades de 10 Mb/seg ou superior, fronte ao 44,3% das microempresas. Neste segmento empresarial, o indicador experimentou un aumento de 5 puntos porcentuais no tramo de velocidade superior ou igual a 10 Mb/seg.

Tamén cabe destacar que un 15% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia xa conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg, 3 puntos porcentuais máis que o ano anterior.

G.47. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O emprego de dispositivos móbiles incrementouse significativamente no último ano, especialmente nas empresas máis grandes. Dúas de cada tres empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia proporcionaron dispositivos portátiles con conexión a Internet para uso empresarial, 11,8 puntos máis que o ano anterior. Ademáis, o 60,9% das grandes empresas emprega Smarthphone, PDA, experimentando un aumento de 11,7 puntos no último ano.

G.48. EMPREGO DE DISPOSITIVOS PORTÁTILES QUE PERMITEN A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.49. DISPOSITIVOS PORTÁTILES: ORDENADOR PORTÁTIL (tableta, netbook, notebook, laptop, PC Ultra móvil)


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.50. OUTROS DISPOSITIVOS PORTÁTILES: Smartphone, PDA phone ...

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

A dispoñibilidade de páxina web é un indicador significativo da visibilidade das empresas galegas en Internet. Un 78,1% das empresas de máis de 10 traballadores/as con actividade en Galicia posúe páxina web, fronte ao 28% das microempresas.

G.51. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A dispoñibilidade de páxina web nas microempresas galegas supera lixeiramente a media estatal (27,8%) e, no caso das grandes empresas, este indicador medrou 2,4 puntos no último ano.

G.52. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Dispoñibilidade de páxina web
Comparativa Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.53. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nas páxinas web de uso empresarial, os servizos ou utilidades máis presentes, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as son: a presentación da empresa, a declaración de política de intimidade ou certificación relacionada coa seguridade do sitio web, o acceso a catálogos de produtos ou a listas de prezos e os vínculos ou referencias aos perfís da empresa en medios sociais.

G.54. SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Outra tendencia, que sen dúbida está de actualidade na estratexia empresarial, é a presenza virtual en medios sociais, xa sexa a través de redes sociais (facebook, linkedIn, Tuenti...), blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento. Un 39,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia emprega os medios sociais fronte ao 27,3% das microempresas.

G.55. MEDIOS SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


Os valores deste indicador para as empresas galegas superan lixeiramente a media estatal.

G.56. MEDIOS SOCIAIS EVOLUCIÓN

Empresas que utilizaron medios sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Os datos do ano 2010 teñen a base sobre o total de empresas

Nota: Os datos do ano 2013 teñen como base "%sobre o total de empresas con conexión a Internet"

Empresas que utilizaron os medios sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Nota: Os datos do ano 2010 teñen a base sobre o total de empresas

Nota: Os datos do ano 2013 teñen como base "%sobre o total de empresas con conexión a Internet"

As redes sociais, como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, etc, son o medio social máis empregado polas empresas para manter contacto cos seus clientes. O uso é practicamente idéntico en todas as empresas que usan os medios sociais, independentemente do seu número de empregados/as, acadando o 93,7% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.

G.57. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)
(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

Respecto doutros medios sociais, obsérvase tamén unha elevada presenza de blogues empresariais (twitter, blogger, ...) ou de websites que comparten contidos multimedia (youtube, flickr, instgram...), novamente, destacando as empresas de maior tamaño. No caso dos websites de contido multimedia, a porcentaxe sitúase no 42,8% para as empresas de máis de 10 traballadores / as con actividade en Galicia que usan medios sociais, fronte ao 19,5% das microempresas.

G.58. EMPREGO DE OUTROS MEDIOS SOCIAIS

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE

Respecto dos usos máis habituais dos medios sociais, os máis destacados son: desenvolver a imaxe da empresa ou produtos de mercado e recibir ou enviar opinións de clientes, críticas, reseñas e preguntas.

G.59. USOS DE REDES SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE

A maioría das empresas valora positivamente o uso dos medios sociais: Preto da metade das empresas galegas consideran moi útil a súa utilización.

G.60. UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA A XERACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DO SEU NEGOCIO

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE

II.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

No último ano, un 27,5% das empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia compraron a través de Internet. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 11%.

G.61. COMPRAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Tanto nas microempresas como nas grandes empresas, as compras a través do comercio electrónico experimentaron un incremento no último ano. No caso das microempresas, o aumento foi de 3,1 puntos porcentuais. No caso das empresas de maior tamaño, o incremento foi de 0,7 puntos.

G.62. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron a través de Internet no último ano


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con Actividade en Galicia anteriores a 2013

O tamaño da empresa tamén resulta un factor determinante nas vendas electrónicas: un 25,5% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia vende a través de Internet fronte ao 10,6% das microempresas.

G.63. VENDAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


En termos evolutivos, o crecemento nas microempresas das vendas mediante Internet é superior ao de empresas máis grandes, con 6 puntos porcentuais de diferenza respecto ao anterior ano. No caso das empresas de 10 e máis traballadores/as, o incremento foi de 4,9 puntos porcentuais no último ano. En ambos os dous segmentos empresariais, a media galega sitúase por riba da media estatal.

G.64. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Nota: O INE non facilitou os datos de comercio electrónico con período de referencia 2010

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

A maioría das vendas electrónicas, realizadas polas empresas, teñen como destinatarios clientes de España, especialmente no caso das microempresas. No caso das empresas de maior tamaño, a localización dos clientes xa se distribúe en maior medida en distintas áreas xeográficas, acadando un 17,5% das grandes empresas que venden na Unión Europea.

G.65. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO A ÁREA XEOGRÁFICA
(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas)




Fonte: INE

II.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

A interacción coas diferentes administracións públicas, é outro aspecto cada vez máis presente nas empresas galegas. Un 91,7% das empresas de 10 e máis asalariados/as que teñen actividade en Galicia interactuou coas AAPP a través de Internet. No caso das microempresas con conexión a Internet, a porcentaxe sitúase no 72,7%

G.66. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


As microempresas galegas experimentaron un incremento relevante na interacción coas administracións públicas a través de Internet durante o 2015, cunha subida de 6,1 puntos porcentuais. Outro dato significativo é que tamén superan a media estatal neste indicador.

G.67. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.68. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

A obtención de información e formularios son as principais interaccións coas administracións públicas a través de Internet. Un 56% das microempresas con conexión a Internet interactuaron para procurar información, aumentando a porcentaxe do ano anterior en 3,1 puntos porcentuais e converxendo coa media estatal.

G.69. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTENIR INFORMACIÓN

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.70. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter información


Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

A descarga de formularios ou impresos é outro dos usos habituais das empresas á hora de interactuar coa administración pública. No último ano medrou a porcentaxe de microempresas que interactúan coa administración para obter formularios, acadando o 54,7% (5 puntos porcentuais máis que no ano anterior). No caso das empresas de 10 e máis traballadores/as esta tendencia alcista tamén se repite, cun incremento de 2,2 puntos porcentuais.

G.71. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTEN FORMULARIOS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.72. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter formularios


Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Outro dos trámites que habitualmente realizan as empresas coa administración a través da Rede é a devolución de impresos cumprimentados. Este indicador experimentou un forte incremento no último ano: Un 45,6% das microempresas interacturaron coas AAPP a través de Internet para o envío de impresos cumprimentados, 3,3 puntos máis que o ano anterior, superando a media estatal.

Nas grandes empresas con actividade en Galicia, a devolución de impresos sitúase no 76,2%, cunha evolución positiva de 6 puntos respecto ao ano anterior.

G.73. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA DEVOLVER IMPRESOS CUMPRIMENTADOS

(%sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.74. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para devolver impresos cumprimentados Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Novamente, son as empresas de 10 ou máis traballadores, especialmente as multilocalizadas, as que interactúan, en maior medida, coas Administracións Públicas electronicamente, tanto para a declaración de impostos como para a contribución á Seguridade Social sin necesidade de ningún trámite adicional en papel.

Máis da metade das microempresas tamén indican a declaración de impostos como o motivo principal para interactuar coas Administracións Públicas a través de Internet. O 32,9% das pequenas empresas, pola súa banda, argumentan a facilidade de declarar as contribucións á Seguridade Social como o motivo principal para interactuar coas Administracións Públicas na Rede.

G.75. OUTROS MOTIVOS PARA INTERACTUAR COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.6. POLÍTICA DE SEGURIDADE E GASTO EN TIC

Unha de cada tres empresas galegas de 10 ou máis traballadores contan cunha política de seguridade definida en materia de TIC. Pola contra, só un 9,9% das microempresas contan con esta medida.

G.76. EMPRESAS CON POLÍTICA DE SEGURIDADE TIC DEFINIDA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As precaucións ante a destrución ou corrupción de datos por un ataque ou incidente inesperado é o risco que máis frecuentemente contemplan as empresas que teñen unha seguridade TIC definida, sen que se produzan diferenzas significativas en función do tamaño nin o ámbito da empresa.

G.77. EMPRESAS QUE TRATARON RISCOS DE SEGURIDADE

(% total de empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida)




Fonte: INE

Entre as empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida, a maioría revisárona hai menos de 12 meses, en porcentaxes que rondan o 70%.

G.78. EMPRESAS QUE REVISARON A SÚA POLÍTICA DE SEGURIDADE

(% total de empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida)




Fonte: INE

O gasto en servizos e consultas TIC constitúe a partida de gasto en TIC máis importante para as grandes empresas galegas, seguido do gasto en bens TIC. Entre as microempresas, a distribución do gasto é máis homoxénea, cun valor próximo aos 25 millóns de euros, no caso do gasto total en bens e o gasto en servizos e consultas TIC.


G.79. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2014

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE

III. ANÁLISE SECTORIAL



☞ As empresas do sector Servizos son as que máis empregan solucións de Cloud Computing.

III.1. ANALISE SECTORIAL


Na análise sectorial preséntanse os indicadores principais dende a perspectiva do sector de actividade ao que se adican. Profundizarase nos indicadores de dispoñibilidade de Internet, páxina web, redes sociais, comercio electrónico e interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Equipamentos e servizos TIC

A práctica totalidade das empresas de 10 e máis traballadores/as contan con ordenadores, independentemente da súa actividade. Non obstante, nas microempresas, difire de modo importante a presenza de ordenadores en empresas adicadas á Industria (75,3%) ou a Servizos (72,6%) respecto das microempresas da Construción (33%).

G.80. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

O uso da sinatura dixital presenta unha importante fenda nas empresas dedicadas á Construción, reducíndose á metade o seu uso fronte ao sector Industria ou Servizos.

G. 81. SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A utilización da sinatura dixital para certificar as comunicacións empresariais mostra depender, en gran medida, da actividade que realiza a empresa. No caso das grandes empresas da Construción, a porcentaxe acada o 89,1%. Pola contra, a porcentaxe de uso de sinatura electrónica nas empresas de Actividades inmobiliarias é dun 55,7%.

G.82. SINATURA DIXITAL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

As empresas do sector Servizos, independentemente do seu tamaño, son as que en maior medida empregan solucións de Cloud computing. Non obstante, o uso de Cloud Computing nas microempresas é aínda moi reducido en todos os sectores, situándose por baixo do 5%

G.83. SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Facendo unha análise exhaustivo do CNAE nas grandes empresas, observamos como as empresas de actividades inmobiliarias (44,3%) ou de información e comunicación (42,4%), son as que empregan en maior medida solucións Cloud computing.

G.84. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

A recepción de facturas electrónicas sobresa, independentemente do tamaño da empresa, no sector Servizos. O envío da efactura acada valores semellantes en todos os sectores de actividade.

G.85. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.86. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As empresas de máis de 10 traballadores/as adicadas á Información ou comunicación, destacan na recepción de facturas electrónicas. No caso do envío de efacturas, comparten esta posición destacada co sector da Enerxía e auga.

G.87. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

Co indicador do envío de facturas de modo electrónico, destacan as empresas que realizan actividades de Enerxía ou auga (un 43,8%) e de Información ou comunicación (un 42,8%).

G.88. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

O sector de actividade onde predomina en maior medida o uso de ferramentas ERP é o da Industria, tanto nas microempresas, como nas empresas de 10 e máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia. No extremo oposto, sitúase no sector da Construción.


G. 89. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Respecto das ferramentas CRM, as microempresas dedicadas á Industria destacan de novo cun 14,1% pero nas de maior tamaño sobresaen as do sector Servizos.

G. 90. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Existen diferenzas significativas na utilización de ferramentas ERP, dependendo da actividade que realicen as grandes empresas. Por exemplo, nas empresas que se dedican á Información e comunicación, o uso de ERP acada un elevado 71,2% fronte á empresas de Aloxamento que empregan ERP nun 14%.

G.91. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

No caso de aplicacións CRM, tamén destacan as empresas que traballan en actividades relacionadas con Información e comunicación (73,9%), sendo a menor porcentaxe de uso de CRM para as empresas relacionadas coa Construción (9,3%).

G.92. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

En xeral, as microempresas presentan valores moi baixos no apartado de formación TIC aos seus empregados/as mentres que nas grandes empresas os valores son máis elevados, destacando as do sector Servizos

G.93. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No segmento das grandes empresas, destacan en primeiro lugar as adicadas as actividades de Información e comunicación (47,5%), seguidas polas actividades profesionais e científicas (44,7%) e a de Enerxía e auga (43,6%).

G.94. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.2. Internet e banda larga

Soamente no caso das microempresas, obsérvanse diferenzas na contratación de Internet, dependendo da actividade, cun 26,2% en empresas da Construción fronte ao 74,4% das empresas que posúen Internet no sector Industria.

G.95. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

A maior parte do empresariado galego posúe acceso a Internet contratado a través de banda larga, coa pequena diferenciación das microempresas dedicadas á Construción, que rexistran a porcentaxe máis reducida (87,1%).

G.96. ACCCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A banda larga móbil presenta diferenzas significativas dependendo da actividade á que pertencen as empresas. No caso das microempresas con conexión a Internet, as diferenzas máis salientables sitúanse entre as de Industria (un 53%) e Construción (un 62,2%). Nas empresas de máis de 10 traballadores / as, a maior diferenza obsérvase entre as empresas con actividade de Galicia dedicadas aos Servizos (un 81,1%) e as de Construción (un 73,1%).

G.97. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A banda larga móbil desagregada por CNAE permite detectar diferenzas entre as grandes empresas que se dedican a Actividade inmobiliarias cun 100% fronte ás grandes empresas de Enerxía e auga, cun 60,3%.

G.98. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.3. Páxina web e redes sociais

Outro dos recursos estratéxicos para as empresas é a dispoñibilidade de páxina web sobresaíndo as inscritas no sector Servizos, fronte as de Construción.

G.99. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Tamén existen diferenzas destacables neste indicador, segundo a actividade concreta á que se dedican as grandes empresas. No caso das empresas de Aloxamento (un 97,9%) ou de Información e comunicación (96,6%), a dispoñibilidade de páxina web é moito maior que nas empresas de Actividades inmobiliarias cun 36,7%.

G.100. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.4. Comercio electrónico

A análise sectorial das compras a través de Internet mostra unha frecuencia maior nas microempresas do sector Industria e nas empresas de máis de 10 asalariados/as do sector Servizos.


**G.101. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

As vendas a través de Internet tamén varían substancialmente tendo en conta o sector da actividade. No sector da Construción, as vendas electrónicas son moi escasas mentres que no sector Servizos as empresas de máis de 10 traballadores/as destacan fronte ao resto de sectores.

**G.102. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

III.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

A interacción coas administracións públicas durante o último ano, para facer algún tipo de xestión, dase con maior frecuencia nas empresas do Sector Servizos.

G.103. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS




- ➡ Fenda na contratación de Internet por ámbito provincial: Destacan as microempresas de Pontevedra (68,8%) fronte ao 43,5% das de Ourense.
- ➡ En relación á banda larga móbil, existen máis de 20 puntos diferenza entre as de Ourense (40%) e as restantes provincias.

IV.1. Equipamentos e servizos TIC

A análise da dispoñibilidade de ordenadores nas empresas galegas, segundo a provincia, non mostra diferenzas significativas nas grandes empresas. Entre as microempresas, a dispoñibilidade de ordenador é máis elevada nas microempresas de Pontevedra e acada o seu valor máis baixo nas empresas de Ourense.

G.104. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso de solucións Cloud Computing nas microempresas é pouco significativo mentres que no caso das empresas de 10 ou máis asalariados/as destacan as que teñen sede na Coruña.

G.105. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Con respecto á recepción de facturas electrónicas, tendo en conta a variable territorio, resaltan os datos de empresas de Pontevedra, independentemente do seu tamaño, aínda que con valores susceptibles de mellora.

G.106. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Os envíos de facturas electrónicas prodúcense, en maior medida, nas empresas de Lugo de máis de 10 traballadores/as e nas de Ourense, no caso das microempresas.

G.107. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso do ERP por parte das empresas galegas, é máis frecuente nas empresas da Coruña e Lugo de máis de 10 traballadores/as. No caso das microempresas, destacan as de Pontevedra.

G.108.EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso de CRM por provincias indica que na Coruña, as empresas de menor tamaño emprégano con maior frecuencia. Nas empresas de máis traballadores/as, destacan as empresas de Lugo.

G.109.EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As empresas de Lugo de máis de 10 traballadores/as proporcionaron formación ao seu persoal en maior medida que as empresas das demais provincias. No caso das microempresas, as porcentaxes son moi reducidas.

G.110. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.2. Internet e banda larga

Con respecto á dispoñibilidade de Internet por ámbito provincial, cabe destacar as microempresas de Pontevedra (68,8%) fronte ao 43,5% das de Ourense. No caso das empresas de 10 e máis asalariados/as, as porcentaxes sitúanse próximas ao 100%.

G.111. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

En relación á banda larga móbil, acada case o 100% nas grandes empresas mentres que nas microempresas obsérvase unha fenda significativa de máis de 20 puntos entre as de Ourense (40%) e as restantes provincias.

G.112. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

En relación á dispoñibilidade de páxina web, sobresaen as grandes empresas que teñen sede en Ourense (81,5%), diferenciándose das de Pontevedra do mesmo segmento que rexistran un 69,4%. No caso das microempresas, destacan as da Coruña, cun 33,6%.

G.113. DISPOÑIBILIDAD DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

IV.4. Comercio electrónico

En relación ás compras mediante comercio electrónico, as empresas que máis mercan a través da Rede sitúanse na provincia da Coruña, no caso de máis de 10 traballadores/as. No caso das microempresas, non se observan diferenzas significativas con valores próximos ao 11%

**G.114. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Se analizamos a venda electrónica, o resultado varía outorgando ás empresas de 10 ou máis traballadores/as de Ourense a maior porcentaxe en vendas por comercio electrónico, cun 22,2%.

**G.115. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet é significativamente maior nas microempresas de Lugo e nas de máis de 10 traballadores /as de Ourense (un 93,7%).

G.116. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

V. CONCLUSIONES

Caracterización do sector empresarial

- ☞ Segundo datos do Directorio Central de Empresas do INE, no ano 2015, había en Galicia 195.595 empresas; das que o 96,4% eran microempresas (con menos de 10 traballadores/as).
- ☞ O 75,9% das empresas galegas ubícanse nas provincias da Coruña e Pontevedra (41,6% na Coruña e 34,3% en Pontevedra).
- ☞ A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 78,4% das empresas galegas.
- ☞ O 54,6% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”.

Equipamento e servizos TIC

- Un dos obxectivos deste estudo é analizar a integración das TIC nos procesos produtivos das empresas aproveitando o impulso da dixitalización para mellorar o seu negocio, adquirindo unha posición diferencial no mercado, que aumente a súa capacidade de crecemento e mellore a súa competitividade. Entre os resultados desta análise, cabe salientar que o emprego de dispositivos móbiles incrementouse significativamente no último ano, especialmente nas empresas máis grandes. Dúas de cada tres empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia proporcionaron dispositivos portátiles con conexión a Internet para uso empresarial, 11,8 puntos máis que o ano anterior. Ademais, o 60,9% das grandes empresas emprega Smarthphone, PDA, experimentando un aumento de 11,7 puntos no último ano.
- Tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e un 34,9% das microempresas galegas empregan a sinatura dixital. As grandes empresas galegas utilizan a sinatura dixital en maior medida que no conxunto do Estado, mentres que no caso das microempresas sitúanse en valores próximos á media estatal.
- O tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo na compra de servizos de Cloud Computing. Un 4% das microempresas compraron este tipo de solucións, elevándose a porcentaxe nas empresas máis grandes con sede e/ou actividade en Galicia ata o 17,1%. Dentro das solucións que proporcionan os servizos de Cloud computing, as

máis demandadas por todas as empresas, independentemente do seu tamaño, son: O uso de e-mail, o almacenamento de ficheiros ou o servidor de bases de datos de empresa.

- En relación ao envío de facturas electrónicas as empresas galegas superan a media estatal, independentemente do seu tamaño. Nas de máis de 10 traballadores/as, a porcentaxe de empresas galegas con sede ou actividade na nosa comunidade que enviou facturas electrónicas ascendeu ata a 17,9% fronte ao 14,5% da media estatal. No caso das microempresas galegas, a porcentaxe sitúase no 3,9% fronte ao 2,9% da media estatal.
- As ferramentas ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas da empresa, estanse a implantar con contundencia nas empresas galegas de maior número de traballadores/as, especialmente naquelas que teñen sede ou actividade en Galicia, cun 44,5%, superando a media estatal (37%). A evolución do uso en Galicia nestas empresas, é tamén positiva e crecente, cun aumento de 2,8 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- As ferramentas CRM, utilizadas para a xestión de vendas e información de clientes, están máis implantadas en empresas de maior tamaño. A utilización deste tipo de programas en microempresas é do 5% mentres que en empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade ou sede en Galicia acada o 40%, superando a media estatal (36,5%). No caso das microempresas, a implantación do CRM é pouco significativa.

Contratación de Internet

- O acceso a Internet a través de solucións de calidade é un activo clave para mellorar a competitividade das empresas de forma sostible, fomentar o seu crecemento e innovación e apoiar a súa expansión internacional. A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as dispón de Internet contratado. No caso das microempresas, este dato sitúase no 57,9%.
- Outra tendencia nas empresas actuais é a de proporcionar aos traballadores/as a posibilidade de acceder ao correo electrónico da empresa, aos documentos ou aplicacións, en definitiva, acceder remotamente ao escritorio. Neste caso tamén destacan as grandes empresas con sede ou actividade en Galicia (64,1%) fronte ás microempresas, onde un 17,5% facilita este acceso remoto ao seu persoal.
- A práctica totalidade das empresas galegas con conexión a Internet dispón de banda larga. A demanda de capacidade para transportar información a través da Rede nas empresas galegas repercute nunha presenza cada vez maior de banda larga e pódese concluír que todas as empresas galegas con conexión a Internet xa acceden a través

de solucións de calidade.

- Outro indicador da modernización en telecomunicacións das empresas na nosa Comunidade é o uso de banda larga a través de telefonía móbil. Nas empresas de máis de 10 traballadores/as, esta porcentaxe acada o 79,3% nas microempresas con conexión a Internet, a banda larga móbil sitúase no 60,2%.
- O acceso á banda larga móbil segue aumentando nas empresas galegas de máis de 10 traballadores/as, achegándose cada vez máis á media estatal. O incremento das empresas con actividade en Galicia respecto ao ano anterior foi de 2,7 puntos porcentuais fronte ao aumento de 2,4 puntos da media estatal.
- Existe unha relación evidente entre a demanda de máis velocidade de navegación e o número de empregados/as nas empresas. Aquelas que dispoñen de 10 ou máis traballadores/as posúen velocidades de conexión a Internet superiores: un 55,3% das que teñen sede e/ou actividade en Galicia con máis de 10 traballadores/as contratan velocidades de 10 Mb/seg ou superior, fronte ao 44,3% das microempresas. Neste segmento empresarial, o indicador experimentou un aumento de 5 puntos porcentuais no tramo de velocidade superior ou igual a 10 Mb/seg.
- Tamén cabe destacar que un 15% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia xa conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg, 3 puntos porcentuais máis que o ano anterior.

Páxina web e redes sociais

- Maior posicionamento e visibilidade, mobilidade son algunhas das vantaxes ao alcance das empresas que non se manteñan ao marxe da evolución tecnolóxica. A dispoñibilidade de páxina web é un indicador significativo da visibilidade das empresas galegas en Internet. Un 78,1% das empresas de máis de 10 traballadores/as con actividade en Galicia posúe páxina web, fronte ao 28% das microempresas. A dispoñibilidade de páxina web nas microempresas galegas supera lixeiramente a media estatal (27,8%) e, no caso das grandes empresas, este indicador medrou 2,4 puntos no último ano.
- Outra tendencia, que sen dúbida está de actualidade na estratexia empresarial, é a presenza virtual en medios sociais, xa sexa a través de redes sociais (facebook, linkedIn, Tuenti...), blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento. Un 39,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia emprega os medios sociais fronte ao 27,3% das microempresas. Os valores deste indicador para as empresas galegas superan lixeiramente a media estatal.
- Respecto doutros medios sociais, obsérvase tamén unha elevada presenza de blogues

empresariais (twitter, blogger, ...) ou de websites que comparten contidos multimedia (youtube, flickr, instagram...), novamente, destacando as empresas de maior tamaño. No caso dos websites de contido multimedia, a porcentaxe sitúase no 42,8% para as empresas de máis de 10 traballadores/as con actividade en Galicia que usan medios sociais, fronte ao 19,5% das microempresas.

- A maioría das empresas valora positivamente o uso dos medios sociais: Preto da metade das empresas galegas consideran moi útil a súa utilización.

Comercio electrónico

- No último ano, un 27,5% das empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia compraron a través de Internet. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 11%.
- Tanto nas microempresas como nas grandes empresas, as compras a través do comercio electrónico experimentaron un incremento no último ano. No caso das microempresas, o aumento foi de 3,1 puntos porcentuais. No caso das empresas de maior tamaño, o incremento foi de 0,7 puntos.
- O tamaño da empresa tamén resulta un factor determinante nas vendas electrónicas: un 25,5% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia vende a través de Internet fronte ao 10,6% das microempresas.
- En termos evolutivos, o crecemento nas microempresas das vendas mediante Internet é superior ao de empresas máis grandes, con 6 puntos porcentuais de diferenza respecto ao anterior ano. No caso das empresas de 10 e máis traballadores/as, o incremento foi de 4,9 puntos porcentuais no último ano. En ambos os dous segmentos empresariais, a media galega sitúase por riba da media estatal.
- A maioría das vendas electrónicas, realizadas polas empresas, teñen como destinatarios clientes de España, especialmente no caso das microempresas. No caso das empresas de maior tamaño, a localización dos clientes xa se distribúe en maior medida en distintas áreas xeográficas, acadando un 17,5% das grandes empresas que venden na Unión Europea.

Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, formación e Gasto en TIC

- A interacción coas diferentes administracións públicas, é outro aspecto cada vez máis presente nas empresas galegas. Un 91,7% das empresas de 10 e máis asalariados/as que teñen actividade en Galicia interactuou coas AAPP a través de Internet. No caso

das microempresas con conexión a Internet, a porcentaxe sitúase no 72,7%

- As microempresas galegas experimentaron un incremento relevante na interacción coas administracións públicas a través de Internet durante o 2015, cunha subida de 6,1 puntos porcentuais. Outro dato significativo é que tamén superan a media estatal neste indicador
- A predisposición das empresas en proporcionar formación aos seus empregados/as, está vinculado co tamaño das mesmas. No 2015, un 23,7% das empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia facilitaron formación TIC ao seu persoal, mentres que nas microempresas a porcentaxe de formación en TIC foi dun 3,5%.
- Promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade. Neste senso, o gasto en servizos e consultas TIC constitúe a partida de gasto en TIC máis importante para as grandes empresas galegas, seguido do gasto en bens TIC. Entre as microempresas, a distribución do gasto é máis homoxénea, cun valor próximo aos 25 millóns de euros, no caso do gasto total en bens e o gasto en servizos e consultas TIC.

Análise sectorial e provincial

- As empresas do sector Servizos son as que máis empregan solucións de Cloud Computing.
- Fenda na contratación de Internet por ámbito provincial: Destacan as microempresas de Pontevedra (68,8%) fronte ao 43,5% das de Ourense.
- En relación á banda larga móbil, existen máis de 20 puntos diferenza entre as de Ourense (40%) e as restantes provincias.

ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados **(CNAE 10-18)**

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos **(CNAE 19-23)**

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos **(CNAE 24-25)**

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo **(CNAE 26-33)**

1.5. Enerxía e agua **(CNAE 35-39)**

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo **(CNAE 45-47)**

3.2. Transporte e almacenamento **(CNAE 49-53)**

3.3. Servizos de aloxamento **(CNAE 55)**

3.4. Información e comunicacións **(CNAE 58-63)**

3.5. Actividades inmobiliarias **(CNAE 68)**

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) **(CNAE 69-74)**

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) **(CNAE 77-82)**

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

